

Os profesores do IES Auga da Laxe únense aos "Venres Negros" contra a reforma Wert do ensino.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 25 Xaneiro 2013 22:30



- "A educación non é un gasto, é un investimento" dicía a pancarta que presidía a concentración docente.

Este venres tivo lugar unha nova xornada de protesta por parte dos profesores dos centros de ensino do Val Miñor. Por segunda vez, [os profesores do IES Escolas Proval](#) manifestáronse ao mediodía ás portas do instituto. Esta segunda xornada de ["Venres Negro"](#)

, os docentes concorreron a clase -como xa ían advertido- vestidos totalmente de negro en sinal de protesta contra o anteproxecto de lei da reforma do ensino. En Gondomar, os profesores do IES Auga da Laxe fixeron a súa concentración na rotonda localizada na intersección da rúa Elduayen e a Avenida Campo da Feira.

{youtube}alOJMmJhJI{/youtube}